

Realmente, Realmente, ¿a tele de sempre acábase?

Si e non.



Si, porque as canles de sempre van deixar de emitir os seus contidos de forma analóxica (como o facían ata agora) de xeito progresivo a partir de xuño.

E non, porque abonda un receptor de TDT e adaptar a túa antena para non deixar de velas.

O teu municipio vai pasar xa á televisión dixital.

Le atentamente este folleto e informarémoste de como tes que adaptar o teu fogar para ver a nova televisión.

¿TDT?

É unha nova tecnoloxía dixital para difundir sinais de televisión

Beneficios

- **Máis canles gratis dispoñibles.** Con máis de 20 canles gratuítas para elixir.
- **Maior calidade de imaxe e son.**
- **Novos servizos:**
 - Subtitulación de programas.
 - Películas en versión orixinal (V.O.) con ou sen subtítulos.
 - Guía Electrónica de Programación (EPG)
 - Emisión de canles de radio a través da televisión.

E moitas máis vantaxes que irás descubrindo.



plan
AVANZA2.0

t d t televisión
digital terrestre
9 0 1 2 0 1 0 0 4
www.televisiondigital.es



SECRETARÍA DE ESTADO
DE TELECOMUNICACIONES
Y PARA LA SOCIEDAD DE
LA INFORMACIÓN

SÓ CON TDT VERÁS A TELE



Porque a tele de sempre acábase no teu municipio

¿Como funciona?

Paso 1

Adaptar a túa antenna

- Se tes unha antenna colectiva (por exemplo nunha comunidade de veciños): debeses solicitar a un instalador autorizado que vos adapte a antenna.

- Se tes unha antenna individual (por exemplo nunha casa) non é necesario realizar ningunha adaptación. No entanto, se tes dificultades para ver as canles, consulta un instalador autorizado.

En caso de dúbidas, consulta un instalador autorizado.

Paso 2

Adaptar o teu televisor



Para poder ver a TDT é necesario dispor de calquera destes receptores:

a **Receptor (descodificador) de TDT:** é un pequeno aparello que se conecta ao teu televisor. Necesitas un para cada televisor que teñas na casa e podes adquirilos en tendas de electrodomésticos.

b Se o prefires podes **adquirir un novo aparello de televisión**, que leve o receptor de TDT incorporado, para substituír o antigo.

Existen aparellos moi económicos e outros con prestacións máis avanzadas. Consulta na túa tenda de electrodomésticos o que mellor se adapte ás túas necesidades.

¿Como conectar o descodificador á TV?

Basta con conectar tres cables:


- Conectar o descodificador á toma de corrente.



- Conectar a antenna da vivenda ao descodificador.




- Conectar o descodificador ao televisor. Este cable, xeralmente, é un euroconector. Para os televisores que non dispoñan de euroconector tamén existen receptores que teñen saída UHF, que permiten conectar o receptor mediante un cable de antenna convencional ao televisor.



¿Como podo saber as datas de cesamento das emisións analóxicas do meu municipio?

• A través da páxina web www.televisiodigital.es

• Semanas antes de que se produza o cesamento das emisións analóxicas verás no teu televisor unha mensaxe como esta:



Nos próximos días esta canle só poderá ser vista en TDT. Máis información no **901 2010 04**

No teu caso, agora estás recibindo o sinal de televisión analóxica, pero en breve producirase o cambio á televisión dixital; por iso deberás adaptar o teu fogar á TDT.

Recorda que **se non estás adaptado** no momento do cesamento de emisión analóxica, **deixarás de ver a tele.**

Infórmate das axudas dirixidas a persoas maiores de 65 anos con dependencia recoñecida e persoas con discapacidade visual ou auditiva.

Para calquera dúbida, consulta ou información podes chamar ao **901 2010 04** ou entrar en www.televisiodigital.es